

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 31 de outubro de 2017

### Asistentes:

#### *Equipo decanal:*

Bergareche Gros, Almudena  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Movilla Pateiro, Laura  
Torres Pérez, Francisco José  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Pazos Pérez, Alexandre

### Escusan a súa ausencia:

Cal Bouzada, María Isabel  
Fernández Carballo-Calero, Pablo  
Fernández Docampo, Belén  
Pacho Blanco, Xosé Manuel  
Rodríguez Domínguez, Mar  
Rodríguez Rodríguez, Emma

### *PDI A:*

Jaime Aneiros Pereira  
M<sup>a</sup> Antonia Arias Martínez  
M<sup>a</sup> José Bravo Bosch  
Margarita Fuenteseca Degeneffe  
M<sup>a</sup> Noemi García Gestoso  
Pablo Grande Seara  
Regina Ibáñez Paz  
Rosa M<sup>a</sup> Loveira Pazó  
Baltasar Manzano González  
Angel M. Mariño de Andrés  
Helena Martínez Hens  
Luís Miguel Muleiro Parada  
M<sup>a</sup> Esther Pillado González  
Amparo Rodríguez Damián  
Carmen Ruiz Hidalgo  
Pilar Trigo Gómez  
Patricia Valcárcel Fernández

### *PDI B:*

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz  
Estevez Abeleira, Teresa

### *Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:*

Fernández García, Heitor  
García Freiría, Mónica  
Rivera González, Paula  
Vázquez Fernández, Roberto  
Villaverde Carrera, Eduardo

O 31 de outubro de 2017, na Aula B3 da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 12:43 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de xullo de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, da ampliación do dereito a exame para as materias de 1º do plan vello do Grao en Relacións laborais e recursos humanos para o curso 2017/2018 exclusivamente (autorizado pola resolución do 27 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral).
4. Ratificación, se procede, dos cambios de horario dos graos en Dereito e Relacións laborais e recursos humanos.
5. Aprobación, se procede, da modificación da data do exame de Dereito Financeiro e Tributario II, do 4º curso do Grao en Dereito.
6. Aprobación, se procede, dos membros do Tribunal dos premios extraordinarios de grao.
7. Aprobación, se procede, da táboa de equivalencias para atender as peticións de recoñecementos do Plan 0 do Grao en Relación laborais e recursos humanos ao Plan 1 do Grao en Dereito.
8. Aprobación, se procede, da actualización da xerarquía das materias de formación básica do plan 1 do Grao en Relacións laborais e recursos humanos.
9. Aprobación das novas versións dos procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade (SGC): PE-01 P1 Xestión do PAS (índice 04); PE-02 P1 Xestión do persoal docente e investigador (índice 04); e Do-0201 P1 Planificación e desenvolvemento do ensino (índice 05).
10. Aprobación, se procede, dos Informe de seguimento y resultados do Plan de Acción Titorial (PAT) do curso 2016/2017.
11. Aprobación, se procede, das modificacións nos nomeamentos dos titores do Plan de Acción Titorial (PAT) para o curso 2017/2018.
12. Aprobación, se procede, da modificacións da normativa interna do Centro para a elaboración do TFG.
13. Ratificación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2017/2018.
14. Ratificación, se procede, do nomeamento do coordinador dos programas de intercambios internacionais para o alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de xullo de 2017.**

Apróbase por unanimidade.

**2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana agradece a participación do profesorado na organización das xornadas de internacionalización. En relación con asuntos económicos e de infraestrutura, a Decana informa que se vai a proceder á substitución progresiva das luminarias da Facultade, así como á reforma dos accesos e terrazas. Tamén se vai revisar as instalacións para videoconferencias. A Decana indica que a ACSUG revisou a avaliación no Máster da avogacía. Finalmente sinala que se procederá a convocar o proceso electoral para renovar os representantes dos sectores PDI B, alumnado e PAS.

**3. Aprobación, se procede, da ampliación do dereito a exame para as materias de 1º do plan vello do Grao en Relacións laborais e recursos humanos para o curso 2017/2018 exclusivamente (autorizado pola resolución do 27 de xullo de 2017 da Secretaría Xeral).**

A Decana informa do motivo desta resolución, e recalca que a ampliación do dereito a exame limitase ao curso 2017/2018. A profesora María Teresa Martínez solicita que se envíe a resolución aos Departamentos da Facultade.

Apróbase por unanimidade.

**4. Ratificación, se procede, dos cambios de horario dos graos en Dereito e Relacións laborais e recursos humanos.**

A decana cede a palabra a vicedecana Lydia Noriega quen expón as propostas de cambios de horario, todas elas acordadas previamente polo profesorado e alumnado.

Apróbanse por unanimidade.

**5. Aprobación, se procede, da modificación da data do exame de Dereito Financeiro e Tributario II, do 4º curso do Grao en Dereito.**

A Decana cede a palabra á profesora Carmen Ruiz, quen manifesta que a proposta de modificación baséase na proximidade entre a data de finalización das actividades docentes e a do exame da materia Dereito Financeiro e Tributario II. Por iso propón o seu traslado do 18 de decembro ao 21 de decembro, asumindo a celebración dun exame o día 18 de decembro para o alumnado que non poida facer o exame o día 21 de decembro. Ademais expón que valore a acumulación de actividades docentes durante 13 semanas cando se elabore os horarios para o curso 2018/2019.

Apróbase por unanimidade a modificación da data de exame.

**6. Aprobación, se procede, dos membros do Tribunal dos premios extraordinarios de grao.**

A Decana, tras lembrar a función limitada deste Tribunal, dado que a atribución dos premios extraordinarios está determinada pola media aritmética dos expedientes académicos do alumnado, propón que o Tribunal este composto pola profesoras María Antonia Arias Martínez, Helena Martínez Hens e ela.

Apróbase por unanimidade.

**7. Aprobación, se procede, da táboa de equivalencias para atender as peticións de recoñecementos do Plan 0 do Grao en Relación laborais e recursos humanos ao Plan 1 do Grao en Dereito.**

A Decana manifesta que se expuxeron solicitudes de recoñecementos por parte de alumnos/ as que cursaron o Plan 0 do Grao en Relacións laborais e recursos humanos, e agora matriculáronse no Plan 1 do Grao en Dereito, polo que é conveniente aprobar unha táboa de equivalencias. A proposta elaborouse a partir das táboas de equivalencias vixentes.

Apróbase por unanimidade.

**8. Aprobación, se procede, da actualización da xerarquía das materias de formación básica do plan 1 do Grao en Relacións laborais e recursos humanos.**

A Decana manifesta que é necesario actualizar a xerarquía das materias de formación básica dado o cambio de materias no primeiro curso dos plans 0 e 1 do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos. Propón que, dado a importante carga xurídica do Grao en Relacións Laborais, Dereito constitucional sexa a última materia que poida ser obxecto de recoñecemento entre as materias de formación básica.

Apróbase por unanimidade.

**9. Aprobación das novas versións dos procedementos da área de procesos de persoal do sistema de garantía de calidade (SGC): PE-01 P1 Xestión do PAS (índice 04); PE-02 P1 Xestión do persoal docente e investigador (índice 04); e Do-0201 P1 Planificación e desenvolvemento do ensino (índice 05).**

A Decana cede a palabra ao Vicedecano Alexandre Pazos, quen informa que se trata de procedementos establecidos pola área de calidade da Universidade e pola ACSUG. Tamén sinala que foron aprobados pola Comisión de calidade e a Comisión permanente da Facultade. O Vicedecano expón os elementos máis relevantes dos procedementos.

Apróbase por unanimidade.

**10. Aprobación, se procede, dos Informe de seguimento y resultados do Plan de Acción Titorial (PAT) do curso 2016/2017.**

A Decana indica que se enviaron xunto coa convocatoria desta sesión da Xunta de Facultade.

Apróbanse por unanimidade.

## **11. Aprobación, se procede, das modificacións nos nomeamentos dos titores do Plan de Acción Tutorial (PAT) para o curso 2017/2018.**

A Decana expón a necesidade de substituír á profesora Inma Valeije ao estar a gozar dun ano sabático, propoñéndose para iso.

Apróbase por unanimidade.

## **12. Aprobación, se procede, da modificacións da normativa interna do Centro para a elaboración do TFG.**

A Decana sinala que a normativa foi debatida e aprobada antes pola Comisión de TFG. A continuación cede a palabra á Vicedecana Laura Movilla, coordinaora da materia de TFG. Sinala que as dúas modificacións propostas foron debatidas e aprobados en dúas reunións da Comisión de TFG. Por unha banda propónse a eliminación do art. 4.3 ante a falta de aplicación práctica. Por outro, propónse a modificación do artigo 6, debido á necesidade de dar cumprimento á indicación do Vicerreitorado de Organización académica achega do procedemento de repartición de dirección de TFG, o cal ten que ser por profesores e non por áreas académicas. A Vicedecana lembra que conforme á Circular do Vicerreitorado de 2015, é parte das obrigacións de todo o profesorado asumir a dirección dos TFG, sendo para o profesorado asociado voluntario.

A profesora Carmen Ruiz, sostén que a xunta de facultade non atribúe docencia e que é necesario establecer un índice corrector que permita unha distribución proporcional á atribución de materias ás distintas áreas nos plans de estudo das titulacións de grao. Tamén expón que os asociados deberían ter a obrigaón de dirixir, e por tanto a normativa non é equitativa. A vicedecana Laura Movilla lembra que esta cuestión está determinada pola normativa da Universidade. A Decana comprométese á remisión dun escrito no que se traslade as dificultades que supón a aplicación da actual normativa na Facultade de Ciencias Xurídicas, dado que boa parte do seu profesorado é asociado.

O representante de alumnado Roberto Vázquez sinala as dificultades que xeraba a aplicación da normativa anterior, baixando a capacidade para atender debidamente ao alumnado por parte do profesora dada a alta cantidade de traballos que se acababa atribuíndo.

A continuación a vicedecana Laura Movilla explica en que consiste a posibilidade de expor propostas consueadas entre o profesorado e o alumnado prevista no art. 6.

A profesora Noemi García indica a problemática da asunción de dirección de traballos de cursos anteriores e propón que as horas de recoñecemento sexan maiores.

O profesor Luís Muleiro lembra que hai que ter en conta o traballo que supón a dirección dos Traballos de Fin de Master. A continuación expón certas dificultades no relación coa posibilidade de acordar a dirección co alumnado, o que supón que non se respecte a prelación do alumnado por expediente académico. A Decana insiste na defensa desta posibilidade, que redunda na posibilidade para o alumnado de elaborar traballos sobre temas que sexan do seu interese. A continuación o vicedecano Francisco Torres indica que mecanismo de distribución utilizan na Facultade de Ciencias Económicas. Paula Rivera, representante de alumnado, sinala que non todas as facultades utilizan a prelación por expediente académico, e que o problema real na distribución é a infradotación do persoal de profesorado da Facultade de Ciencias Xurídicas. A profesora Regina Ibáñez intervéñ para manifestar que coincide cos

argumentos da profesora Carmen Ruiz. A profesora María Antonia Arias expresa o seu apoio o sistema de consenso previo. A Decana lembra que se trata dunha reivindicación do alumnado. O profesor Baltazar Manzano expón que as áreas non xurídicas poderían responder a esta normativa atribuíndo profesorado asociado ás materias impartidas na Facultade.

A Decana dá por finalizado a quenda de intervencións, e procédese á votación, aprobándose por 8 votos a favor, 6 en contra e 8 abstencións.

### **13. Ratificación, se procede, do nomeamento dos membros dos Tribunais de TFG para o curso 2017/2018.**

A Decana indica que a Comisión de Traballos de Fin de Grao aprobou a proposta de composición dos Tribunais de TFG aplicando estritamente a normativa do centro e da Universidade.

Apróbase por unanimidade.

### **14. Ratificación, se procede, do nomeamento do coordinador dos programas de intercambios internacionais para o alumnado do Grao en Relacións Laborais e Recursos humanos.**

A Decana indica que Pierre Henri Cialti incorporouse á Universidade Pablo de Olavide de Sevilla, polo que é necesario nomear un novo coordinador, polo que propón ao profesor José Durán.

Apróbase por unanimidade.

A Decana abre a rolda libre de intervencións. A profesora Carmen Ruiz roga que se faga un uso racional do espazo dispoñible para o aparcadoiro. A continuación solicita información acerca da renovación do coordinador do Dobre Grao en ADE e Dereito. A Decana informa que se procederá á súa renovación unha vez finalice o mandato do actual coordinador.

Finalmente, a profesora Noemi García expón a necesidade reforma da normativa xeral de TFG. A Decana asume a proposta e sinala que se trasladará unha solicitude ao Reitorado da Universidade.

Remata a sesión as 14.33, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán